



CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

Este documento foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 690/21.06.2018

Mugardos, 22 de xuño de 2018

O secretario



I CONCURSO DE PINTURA RÁPIDA “CONCELLO DE MUGARDOS” 2018

- **Categorías:** Concursos de Pintura
- **Organiza:** Concello de Mugardos
- **Premio:** en metálico
- **Inscripción:** Online + Presencial
- **Lugar:** Concello de Mugardos
- **Data de inicio:** 2 de xullo 2018
- **Data de peche:** 19 de xullo 2018

OBXETO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases a regulación do I Certame de Pintura Rápida “Concello de Mugardos”, coa finalidade de promover a cultura e acercar a Arte ao medio rural a través dos valores pictóricos no marco do municipio de Mugardos.

CRITERIOS DE VALORACION PARA A CONCESION DO PREMIO.

Os premios concederanse atendendo ao valor artístico da obra, a súa orixinalidade, a técnica empregada, os materiais utilizados e a capacidade de transmitir o tema do Concurso. O estilo e a técnica serán libres e a súa temática:

“MUGARDOS CON TODOS OS SENTIDOS”.

Centrándose principalmente na contorna paisaxística e monumental do Concello de Mugardos.

Información

Bases do I Concurso de Pintura Rápida “Concello de Mugardos” 2018

1. Participación

Poderán participar todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, agás os/as gañadores da edición anterior. Os/as menores que se inscriban deberán ter cumpridos un mínimo de 6 anos e un máximo de 17 anos o día do Concurso, o 19 de xullo de 2018.

2. Temática

A temática das obras a realizar estará relacionada coas paisaxes, vida, costumes e, en xeral, con calquera aspecto de especial relevancia do municipio de Mugardos, sendo de libre elección dos/as participantes a técnica e o estilo pictóricos para a execución das súas obras.

3. Inscripción

Será de balde.

- **As inscricións poderán levarse a cabo do 2 ao 18 de xullo de 2018**, ambos inclusive, de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas, polos seguintes medios:
 - o Cumprimentando o boletín de inscrición no seguinte enlace: www.concellodemugardos.gal aportando os seguintes datos: NIF, nome, apelidos, enderezo, idade, teléfono de contacto e enderezo electrónico; os/as participantes locais que queiran optar á Mención Especial de autores/as locais, terán que acreditarlo no momento de inscribirse presentando certificado de empadramento ou calquera outro documento que o acredite.



CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

Este documento foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 690/21.06.2018

Mugardos, 22 de xuño de 2018

O secretario



Os datos e a información incluída nas solicitudes serán tratados de conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección e tratamento de datos persoais (Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e a súa normativa de desenvolvemento.

- Persoalmente, na Oficina Municipal de Información Xuvenil, (OMIX) Praza do Concello, avda. de Galicia, núm. 45, nos días establecidos ou ben, o mesmo día de celebración do Concurso, en horario de 9.00 a 10.00 horas. Para calquera aclaración poderán dirixirse ao núm. de teléfono 981470338; ext. 1
 - Haberá mencións especiais para os/as participantes locais, os cales no momento da inscrición deberán acreditar a súa vinculación co Concello mediante xustificante do Padrón ou calquera outro documento que o acredite: recibo de pagamento de impostos, taxas, etc. que abone directamente o/a participante ó seu nome e, no caso de menores, a nome da nai/pai/ou titor/a legal.
- **Tamen poderán inscribirse o mesmo día do Concurso, xoves 19 de xullo, de 9.00 a 11.00 horas na OMIX.**

4. Horario, lugar e selado

O Concurso terá lugar o 19 de xullo de 2018. O selado dos soportes será imprescindible e se levará a cabo de 9.00 a 11.00 horas na OMIX, Praza do Concello, avda. de Galicia, núm. 45.

Os/as participantes deberán vir provistos de cabaleta e demais materiais para a execución e posterior exposición da súa obra. Só se admitirá un soporte por concursante. Independentemente do momento no que se teña realizada a inscrición, ningún/ha participante estará exento de selar o soporte no lugar e hora sinalado anteriormente.

O soporte haberá de ser liso, ríxido e de cor branca (lenzo, tableiro, etc.), dun mínimo de 50 e dun máximo de 100 por cada lado. Entregaráselle a cada un deles unha bolsa de avituallamento, así como material de promoción turística local.

Os obras deberán realizarse in situ e os/as participantes facilitarán á organización un modo de contacto, preferiblemente teléfono móbil, e indicarán o lugar elixido para que o xurado poda localizalos durante o período de creación artística. Poderán ser solicitados telefonicamente para a súa localización si así o estimará oportuno o xurado en calquera momento durante a duración do Concurso.

Deberán facer tamén un bo uso do espazo de traballo, e deixalo limpo e recollido. Co obxecto de evitar efectos de contaminación cada participante levará tamén o material adecuado para recoller os restos xerados por pintura e disolventes, non tirando estes os sumidoiros ou lugares inadecuados. Rexeitaranse as obras que non se atean estritamente ás bases.

A hora de entrega das obras será de 17.00 a 18.00 horas no punto de control que a organización terá montado na carpa instalada no Parque da Constitución, dende ese momento, quedarán expostas ao público nos cabaletes de cada concursante. A partir das 19.00 horas darase lectura do fallo do Xurado, polo Concello de Mugardos, sendo a súa decisión inapelable.

No caso de inclemencias meteorolóxicas, unha vez iniciado o Concurso, poñeranse a disposición dos/as participantes zonas resgardadas.

Os premios serán os seguintes.



CONCELLO DE MUGARDOS
(A CORUÑA)

Este documento foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 690/21.06.2018
Mugardos, 22 de xuño de 2018



Maiores de 18 anos:

Primeiro premio: 1.000€

1º Accessit

2º Accessit

Menores de 18 anos:

Primeiro premio: Maletín pintura, valorado nun máximo de 500€

1º Accessit

2º Accessit

Mención especial para autores/as locais: sin dotación económica.

- **Maiores de 18 anos**
- **Menores de 18 anos**

Entregarase diploma pola súa participación a todas as persoas inscritas no prazo indicado.

As obras premiadas incorporaranse á exposición que estará durante o mes de xullo no Local de Maiores, rúa Castelao. Unha vez finalizada dita exposición, o primeiro premio quedará en propiedade do Concello de Mugardos.

Todas as obras non premiadas poderán permanecer expostas e en opción de compra polos/as visitantes ata as 20.00 horas, momento no cal remata a xornada do Concurso. Cada pintor/a, ademais, dende o remate do Concurso poderá poñer á venda outros traballos da súa colección, ata un máximo de tres.

Calquera imprevisto non contemplado nestas Bases serán resoltos pola organización do Concurso.

A participación neste Concurso implica a aceptación destas Bases e a conformidade coas decisións do Xurado e a organización. No caso de que por causas meteorolóxicas se suspendera, a organización fixará nova data e a fará pública con a debida antelación.

5. O Xurado

O Xurado estará composto por persoas cualificadas, profesionais do mundo da Arte e outras autoridades competentes e a súa decisión será inapelable, non podendo formar parte do mesmo si teñen relación de consanguinidade ou afinidade ata segundo grao con algunha das persoas participantes. O Xurado poderá declarar deserto o premio si non alcanzan as obras unha calidade suficiente ó seu criterio

6. Coidado e custodia das obras

Os organizadores do Concurso, así como todas as persoas que manipulen as obras, poñerán todo o seu esforzo e atención no coidado e custodia das mesmas, si ben a organización declina toda responsabilidade ante os posibles danos que puideran sufrir, dadas as características deste tipo de concurso que se desenvolvera ó aire libre.

Mugardos, 18 de xuño de 2018